



# Proxecto lingüístico de centro 2020-2024



**IES do Barral**



## Índice

1 DESCRICIÓN DO CENTRO.....	2
2 FINALIDADE DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	3
3 DESCRICIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	4
4 TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL).....	7
4.1 METODOLOXÍA.....	8
4.1.1 COMPROMISO DE ESCRITURA CORRECTA.....	8
4.1.2 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.....	8
4.1.3 COMPRENSIÓN LECTORA.....	9
4.1.4 EXPRESIÓN ESCRITA.....	10
4.1.5 PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS.....	10
4.1.6 ELABORACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.....	10
4.1.7 LECTURAS EN TODAS AS MATERIAS.....	11
4.1.8 PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS.....	11
4.1.8.1 TRABALLOS A MAN.....	11
4.1.8.2. TRABALLOS A ORDENADOR.....	11
4.1.8.3 . PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE EXAMES.....	12
4.1.8.4 .TERMINOLOXÍA.....	13
4.1.8.5. CONTIDOS.....	13
4.1.8.6 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS REQUIRIDOS.....	13
5 DISTRIBUCIÓN DO EMPREGO DAS LINGUAS NAS DIFERENTES ÁREAS.....	14
5.1 SECCIÓNS BILINGÜES.....	14
5.2 MEDIDAS DE APOIO E REFORZO.....	14
5.3 OUTRAS MEDIDAS DE APOIO AO PL:.....	15
6 RÚBRICAS.....	16
7 ENQUISA ANÁLISE CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	21



## 1 DESCRICIÓN DO CENTRO.

O IES do Barral é un centro de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e FP Básica situado no concello de Ponteareas .

No presente curso 2019-2020 conta cun total de 479 alumnos-as repartidos na ESO (349), no Bacharelato (102) e na FP Básica (28).

O claustro está composto por 44 profesores e profesoras dos cales 1 (Relixión ) comparten horario no noso centro con outros centros da contorna de Ponteareas.

O IES conta ademais con 6 persoas como persoal non docente: 2 conserxes, 1 administrativa , 2 encargadas do servizo da limpeza e 1 coidadora para o alumnado con necesidades especiais.

## 2 FINALIDADE DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

O Proxecto Lingüístico de centro é un documento que vén referido no Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, coa finalidade de recoller todos aqueles aspectos que teñen que ver co desenvolvemento das competencias en cada unha das linguas a estudar nos centros de secundaria da comunidade autónoma de Galicia.

Inclúe todos aqueles aspectos aos que obriga o citado decreto e todo o acordado polos órganos competentes naqueles casos nos que se toman decisións por vontade da propia comunidade educativa.

O obxectivo central do proxecto é garantir que o alumnado do centro adquira unha competencia lingüística plena nas dúas linguas oficiais e para iso é importante que se acade o máximo equilibrio posible no número de horas a impartir nas dúas linguas.

A lingua é unha ferramenta que permite construír o pensamento. Unha persoa debe saber actuar dunha forma efectiva nos distintos contextos nos que se debe enfrontar ao longo da súa vida. O profesorado debe formar individuos competentes no uso da linguaxe e ofrecer ao alumnado os recursos que lle permitan utilizar de xeito adecuado os diversos códigos lingüísticos e non lingüísticos en situacións e contextos variados , con diferente grao de formalización ou planificación nas súas producións orais e escritas.

Unha persoa comunicativa vai dominar tanto as habilidades lingüísticas como os demais saberes que conforman o currículo. A competencia lingüística inclúe diversas



habilidades básicas (comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita) así como diferentes destrezas básicas : falar/escoitar, ler/escribir.

Lectura e escritura , unidas á fala e á escoita son requiridas tanto para la consecución de outras aprendizaxes -científicas, humanísticas ou artísticas- como para a vida cotiá. A adquisición desta competencia non é tarefa exclusiva do profesorado especialista das linguas , polo que se achegan unhas liñas de intervención do presente Proxecto Lingüístico de centro , asumido por todo o profesorado do claustro e posto en funcionameto en todas as áreas que se imparten no centro , co obxectivo común de tomar a competencia lingüística como tema transversal no proceso de ensino-aprendizaxe.

Este proxecto articúlase en diferentes actuacións de intervención actividades para fomentar a capacidade lectoescritora e a produción de textos orais e escritos, exercicios para traballar a comprensión de textos orais e escritos e actuacións orientadas á potenciación do uso da biblioteca do centro así como a elaboración de pequenos traballos de investigación.

Outro obxectivo é a adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras, dentro do marco de promoción do plurilingüismo en Galicia.

O centro imparte como linguas estranxeiras inglés, francés e portugués.

No presente curso 2018-2019 hai alumnado con francés e inglés como primeira lingua e por primeira vez este curso o centro conta coa sección bilingüe de matemáticas en francés.

Dende a departamento de Lingua Galega e Literatura trátase de que todo o alumnado que cursa portugués no Bacharelato acade unha certificación dentro do Marco europeo das Linguas.

Finalmente , e como aspecto fundamental , a promoción e dinamización da lingua galega dentro do noso centro apoiada polo EDNL.



### 3 DESCRICIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

En abril de 2018 e coa intención de actualizar o Proxecto Lingüístico elaboráronse unhas enquisas destinadas ao alumnado, profesorado , persoal non docente e familias coas que poder sacar unha conclusión actualizada da realidade lingüística actual na que se move o centro.

As enquisas foron pasadas ao alumnado , profesorado , persoal non docente e pais e nais, é dicir, a toda a comunidade educativa . (Adxúntanse as enquisas e os seus resultados como Anexo I).

Dun xeito resumido as enquisas fornecéronnos dos seguintes datos:

#### **Alumnado:**

O noso alumnado ocupa unha franxa de idade que vai dende os 12 anos ata os 20. Os niveis educativos comprendidos son 1º, 2º, 3º, 4º ESO, 1º,2º Bacharelato e 1º, 2º FP Básica.

Un 32,6 % vive na zona urbana de Ponteareas e o resto , o 67,40 vive nas parroquias adscritas ao noso centro , no concello de O Covelo e unha porcentaxe do 13,20 % viven noutros lugares da contorna.

Os resultados máis significativos rebelan a seguinte realidade do panorama lingüístico:

- A maioría do alumnado usa só o castelán ou predomina o castelán.
- Un 51,80% declara que na súa casa fálase habitualmente só castelán ou predomina o castelán fronte a un 24,3 na que predomina o galego.
- En canto a súa competencia comunicativa en galego un 91,20 % pensa que é moi bo, boa ou aceptable fronte a un 8,8% que a considera deficiente ou moi deficiente.
- Un 62% do alumnado considera que recibir clases en distintas linguas supón un enriquecemento, un 28,4% di que depende das linguas e un 9,6% considera que non.
- Ante a pregunta de se consideran que a lingua galega é tan importante coma outras linguas para o enriquecemento académico e persoal un 81,9 % considera que si fronte a un 18,1% que considera que non.
- Só un 14,9 % resposta que na súa casa se fala un idioma distinto do galego ou do castelán.



- Só un 9,6% manifesta que é capaz de expresarse correctamente nunha lingua distinta ao galego ou o castelán , un 31,5% manifesta que é capaz de manter unha conversa fluída , o resto das respostas van entre un 50,3 que manifesta que só é capaz de entender e dicir frases soltas , un 13,2% que manifesta que é capaz de entender pero non pode expresarse e un 7,6% que di que non é capaz de entender non expresarse.
- A maioría do alumnado asiste a clases de inglés fóra do centro e o resto e en menor contía a clases de francés, portugués ou outras.
- Á pregunta sobre se teñen contacto coa lingua estranxeira fóra do centro , a maioría declara contacto co inglés a través da televisión , as lecturas , a música , internet ou estadias no estranxeiro, esta última en menor porcentaxe. Ao inglés síguelle o portugués e o francés aínda que tamén aparecen outras linguas sen especificar.
- En canto aos estudos ou exames oficiais en linguas estranxeiras ( non incluír) datos non fiables.

### **Profesorado.**

- Un 40,7% di que o castelán é a súa lingua materna, un 33,3% di que o galego , un 11,1% di que por igual o galego e o castelán e finalmente un 14,8% manifestan que a súa lingua materna é outra.
- Un 40,7 % declara como alto o seu dominio da lingua galega, un 48,1% decláralo como aceptable e un 11,1% escaso.
- En canto á lingua que emprega nas clases un 40,7% emprega só o galego, un 18,5% só o castelán, un 18,5% emprega o galego ou castelán segundo o curso e un 22,2% emprega outra lingua.
- O 55,6% opina que o libro de texto debería estar na lingua que marque a planificación lingüística do centro, para un 22,2% debe terse en conta a lingua que prefira o alumno, un 18,5% di que é indiferente que estea en galego ou en castelán segundo o curso, o resto opina que debe ser na lingua do profesor.
- O profesorado considera que a presenza do galego é aceptable no instituto , baixa na poboación , escasa nos medios de comunicación e destaca como moi baixa entre o alumnado.



- Un 60% considera que impartir clases en galego é moi necesario, fronte a un 12% que o considera totalmente innecesario.

### **Nais, pais titores /as legais.**

- O idioma utilizado habitualmente cos fillos-as é o castelán para un 58,2%, baixa a un 47% cando se refire á parella , cos avós e avoas o galego é a lingua de comunicación para un 50,6% .
- O idioma utilizado habitualmente é o castelán , seguido do galego e seguido do portugués.
- No ámbito laboral aparece o castelán como o idioma máis utilizado , seguido do galego ou de ámbolos dous.
- Na súa relación co centro educativo tanto coa conserxería e administración no que predomina o castelán fronte ao galego. Na relación co profesor/a, titor/a tamén predomina o castelán e por último na relación coa dirección e xefatura de estudos predomina o castelán sobre o galego e un 37, 3% di que usa ambos dous idiomas.

**En definitiva , a conclusión final que nos revelan os datos extraídos das enquisas é a progresiva perda de uso da lingua galega dentro da comunidade educativa do centro, dato acorde coa liña xeral que sofre o idioma en Galicia.**



## **4 TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL)**

Con motivo da actualización do Proxecto Lingüístico , introducimos medidas para a integración do currículo de todas as linguas (TIL). Elabóranse os acordos acadados para o tratamento integrado das linguas.

### **4.1 METODOLOXÍA.**

Cómpre reforzar os aspectos prácticos. Tentarase aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación e fomentar e propoñer a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

O alumnado debe ser o protagonista dos seus propios coñecementos. Seguirase unha liña metodolóxica coas seguintes pautas:

- Fomentar a participación, tanto individual como grupal.
- Ser capaces de elaborar conceptos e ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar , seleccionar e tratar a información.
- Ordenar, comparar e xerarquizar as ideas.
- Fomentar a diversidade de opinións de xeito claro e respectuoso.

#### **4.1.1 COMPROMISO DE ESCRITURA CORRECTA.**

Todos os departamentos deberán incluír entre os seus criterios de avaliación un referido á corrección lingüística, asignándolle unha porcentaxe da nota de calquera produción textual (exame, actividade, traballo...) referido a :

- Respecto da norma ortográfica : erros na escritura de letras, acentuación ou puntuación.
- Corrección léxica e gramatical: vocabulario adecuado , evitar repeticións , concordancias , emprego de formas verbais...
- Presentación dos escritos: caligrafía, pulcritude e limpeza, marxes , separación entre parágrafos...
- Respecto polos prazos de entrega dos traballos.





#### 4.1.2 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

Utilizaranse distintas fontes e tipoloxías textuais (programas de radio e televisión (crónica deportiva, noticias, documentais, reportaxe...), visionado de montaxes audiovisuais (vídeos, material multimedia, películas...) , discursos ( científicos, institucionais, políticos...), charlas e conferencias celebradas no centro , anuncios publicitarios orais, cancións , textos literarios e de uso social ( actas, contratos , informes, manuales de funcionamento...).

Tendo en conta a materia e o nivel académico do alumnado, valorarase o recoñecemento das palabras clave e da idea principal, a identificación da finalidade comunicativa do texto, a extracción das ideas secundarias , distinción das intencións implícitas e os trazos/técnicas da lingua oral.

#### 4.1.3 COMPRENSIÓN LECTORA.

Os tipos de texto a utilizar para desenvolver a competencia lectora serán:

- Textos contínuos: narrativos, descritivos, argumentativos , instrucionais.
- Textos descontínuos: diagramas e gráficos, táboas, esquemas, mapas, formularios, anuncios...

O contido das preguntas versará sobre parámetros como a extracción de información, exercicios de comprensión , reflexión sobre a forma do texto e valoración , desenvolvemento dunha interpretación , reflexión sobre o contido e valoración, cuestións sobre a estrutura do texto e e a forma de organizarse. El tipo de preguntas deberá adecuarse a elección de respostas múltiples, verdadeiro- falso, preguntas incompletas ( encher ocós), preguntas para unir conceptos / agrupar categorías...



#### **4.1.4 EXPRESIÓN ESCRITA.**

O alumnado deberá producir textos escritos de carácter diverso, en adecuación á materia: textos creativos (redacción de relatos que actualizan, mesturen ou transgredan a versión orixinal , obradoiros de escritura creativa...), textos para a vida cotiá, redacción de informes ou exposición de contidos, redacción de cartas ( familiares, oficiais, comerciais..) redacción de textos periodísticos ( noticias, editoriais, artigos...), redacción de textos de uso social (acta, reclamación, instancia, instrucións.

#### **4.1.5 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.**

Intentaremos que en todas as clases se traballe e potencie a expresión oral en actividades do tipo: asunción/representación nun contexto determinado de roles pactados previamente , dramatización de situacións de fala cotiá ( comprar entradas para un espectáculo, pedir información nun organismo oficial, explicar como se chega a unha determinada dirección, facer unha reclamación, pedir explicacións , mediar nun caso de conflito escolar..) , conversación / asemblea sobre un tema do grupo ou da actualidade, exposición oral ( dos contidos conceptuais explicados en clase o día anterior, do traballo de investigación que deberán expoñer aos seus compañeiros sen ler), expresar sentimentos que provoca a observación de obras de arte, descrición de imaxes diversas (edificios, paisaxes, estancias, esculturas...) debates sobre temas controvertidos ou actuais...

**Axúntase unha rúbrica para facer as correspondentes valoracións.**

#### **4.1.6 ELABORACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.**

Dende todas as materias se fomentará o traballo de investigación conforme a diversas modalidades que dependerán do nivel académico do alumnado: busca puntual e / ou ocasional sobre contidos traballados nas unidades didácticas(diccionario, enciclopedia, manual...) pequeno traballo de indagación ( orientado a partir de preguntas – guía ) , traballo dirixido de busca de fontes a partir dunha bibliografía determinada ou direccións de Internet ou un gran traballo de investigación autónomo de busca de fontes sen orientación bibliográfica...

Cada Departamento escollerá o tipo de traballo máis axeitado ás materias que imparte: Informe, Monografía, Traballo de investigación, Traballo de campo ou Proxecto científico-tecnolóxico co seu correspondente Informe ou Memoria, debendo planificar na



correspondente programación Didáctica o número de traballos e a temporalización ao longo do curso escolar.

#### **4.1.7 LECTURAS EN TODAS AS MATERIAS.**

Para fomentar o hábito lector temos que atopar o equilibrio entre a imposición dunha lectura e unha invitación á mesma; procuraremos estimular ao alumnado coas vantaxes ou beneficios que lle proporcionará; intentaremos que sexa un texto ameno e agradable de ler para que o alumnado non abandone no intento. O libro debe aproximarse aos obxectivos de cada materia, debe ser adecuado para o nivel educativo e ao grao de madurez do alumnado; en definitiva debe estar adaptado ao nivel curricular do alumnado.

#### **4.1.8 PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS.**

##### **4.1.8.1 TRABALLOS A MAN.**

- Os traballos e /ou tarefas entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul o negro.
- O traballo incluírá obrigatoriamente ( sexa na portada ou como encabezamento ) a seguinte información : título, nome e curso do alumno/a , materia e avaliación á que pertence o exercicio.
- Deberán deixarse marxes: inferior , superior, dereita e esquerda pois dan limpeza ao escrito e permiten facer anotacións ao profesor/a. Ademais débese garantir a distancia adecuada entre as liñas e que estas estean aliñadas horizontalmente no folio, para o cal é aconsellable o uso de padróns.
- É aconsellable realizar borradores previos. Débese coidar a letra e a limpeza na presentación definitiva.
- Os parágrafos deben estar sangrados.
- As follas que se entreguen deben estar obrigatoriamente unidas con grampas.

##### **4.1.8.2. TRABALLOS A ORDENADOR.**

Os traballos a ordenador constarán dos seguintes apartados:

- Portada. Debe conter o título do traballo ( no centro da folla e con maior tamaño que o resto) e o nome e curso do alumno na marxe inferior dereita.
- Índice. Nel recóllense todos os capítulos e apartados do traballo indicando a páxina na que se atopan.



- Follas de desenvolvemento. Deben respectar as marxes determinadas ( por defecto: esquerdo e dereito, inferior e superior ,). Os tipos de letra máis habituais son Times New Roman ou Arial; en canto ao seu tamaño , dependendo da fonte, este pode variar entre o 12 para o texto , 14/16 para os subtítulos e 18 para o título. O entreliñado debe ser de 1'5. Cada capítulo ou apartado principal , destacarase en negriña e comezará páxina nova. As páxinas deberán numerarse empezando a contar a partir do índice.
- Bibliografía . Ao final do traballo , aparecerá a fonte ou fontes ás que se acudirá en busca da información. Deberá citarse do seguinte xeito:  
APELIDO, Nome, Título, Editorial.  
Se a consulta se realiza a través da Internet , deberá poñerse a dirección da áxina visitada.
- Encadernación. As follas que se entreguen, debenestar obrigatoriamente unidas con grampas.
- Os prazos indicados polo profesorado serán de obrigado cumprimento. Non se recollerán tarefas fóra de prazo.

#### 4.1.8.3 . PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE EXAMES.

- Debe empregarse exclusivamente bolígrafo azul o negro.
- É conveniente deixar marxes para facilitar a corrección.
- Deberán sangrarse os parágrafos.
- Non se utilizarán padróns.
- As páxinas estarán sempre numeradas e todas levarán o nome do alumno/a.
- Buscarase sempre a orde e a limpeza. Se , unha vez contestada unha pregunta, se quere aportar nova información empregarase o mesmo mecanismo das notas ao pé de páxina. Colocarase un asterisco (\*) na pregunta que queremos continuar e a información nova poñerase nun folio aparte. No caso de que isto suceda con máis dunha pregunta os asteriscos deben ser numerados (\*1/\*2) para facilitar a corrección do exame.



#### 4.1.8.4 .TERMINOLOXÍA.

Os departamentos de Linguas presentes no centro :española, francesa, I galega, inglesa e portuguesa , así como o departamento de Latín e Grego chegan aos seguintes acordos relacionados coa terminoloxía a usar durante as clases:

- En canto á nomenclatura verbal acórdase respectar as dúas terminoloxías vixentes.
- En canto á sintaxe acórdase explicar a clasificación oracional unificando a terminoloxía.

#### 4.1.8.5. CONTIDOS.

Os departamentos de linguas castelá e galega aclaran que os seus contidos sobre todo nos dous primeiros cursos da ESO son similares , polo tanto é positivo porque é visto como un reforzo dos contidos.

#### 4.1.8.6 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS REQUIRIDOS.

Partindo sempre da comprensión e respecto pola realidade plurilingüe na que habitamos e evitando prexuízos teremos os seguintes criterios de avaliación:

1. Comprensión de textos orais e escritos utilizados no ámbito académico e dos medios de comunicación.
2. Produción de textos sinxelos : orais e escritos; adecuados , coherentes e cohesionados.
3. Identificación do tema e subtema en distintos tipos de texto. Subliñado das ideas principais.
4. Lectura en voz alta, con dicción , entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación dos patróns fonéticos de cada lingua e aos signos de puntuación.
5. Planificación, revisión e boa presentación de textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.
6. Recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivos, adxectivos, pronomes , verbos, adverbios). Respecto polas normas ortográficas . Adquisición de novo vocabulario.
7. Uso das TIC .
8. Uso da autoavaliación e da autocorrección como estratexia de aprendizaxe.



## **5 DISTRIBUCIÓN DO EMPREGO DAS LINGUAS NAS DIFERENTES ÁREAS.**

No apartado a) do antedito decreto educativo dise que se fará constar “ a *decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato*”.

É competencia dos centros, unha vez excluídas as materias que por lei deben impartirse nunha determinada lingua ( en galego ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química), decidir cales son as materias que se van impartir en castelán e cales en galego. Quedan excluídas deste apartado as linguas que serán cursadas nas linguas de referencia(artigo 7º, ap 2).

### **5.1 SECCIÓNS BILINGÜES.**

O curso 2018-2019 o centro conta cunha sección bilingüe da materia de Matemáticas para 2º e 3º de ESO que pasa a darse en francés.Por iso mesmo dende o centro se vai solicitar para o próximo curso un auxiliar de conversa de lingua francesa.

### **5.2 MEDIDAS DE APOIO E REFORZO.**

As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas son basicamente as seguintes:

- Agrupamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá en 1º e 2º de ESO.
- Reforzo de linguas en 2º e 3º PMAR.
- O alumnado exento do 2º idioma estranxeiro en 1º e 2º de ESO pasará a ter unha hora semanal de reforzos de linguas.



### 5.3 OUTRAS MEDIDAS DE APOIO AO PL:

- PROXECTO LECTOR.

O centro conta cun Proxecto Lector dende o ano 2013 elaborado polo Equipo de Dinamización da Biblioteca do centro. Esta actividade planificada dende o inicio do curso escolar, realízase semanalmente en todos os niveis .

- PLAN DE FOMENTO DO USO DO GALEGO.

O centro conta cun Equipo de Dinamización Lingüística que programa actividades durante o curso para o fomento da lingua galega entre toda a comunidade educativa.

- ERASMUS +.

O IES do Barral participa nun proxecto europeo dentro do programa **Erasmus+**. Este proxecto ten unha duración de tres anos e está coordinado polo Departamento de Lingua Galega . O noso centro participa conxuntamente cos outros dous institutos de Pontareas como socio do centro irlandés **Archobisp McHale College de Tuam (Irlanda)**.

**Forman parte do proxecto de Erasmus + “Endangered languages, cultural diversity and integration in the EU of de XXI century” .**

Este proxecto está centrado no desenvolvemento das dúas linguas minoritarias : galego e irlandés , aínda que tamén o inglés, obviamente, é un idioma moi presente. <http://tuampontareas.blogspot.com/>.

- O DEPARTAMENTO DE FRANCÉS , no presente curso 2018-2019 programou un Campamento de Inmersión Lingüística.
- O DEPARTAMENTO DE INGLÉS ten programado para o próximo curso 2019-2020 unha estadía lingüística en Broadstairs ( GB).
- ALUMNADO ESTRANXEIRO incluído dentro do Programa Semestral AFS intercultural. Os dous últimos cursos recibimos alumnado de suíza e Austria que veñen fundamentalmente a aprender castelán.



## 6 RÚBRICAS.

### VALORACIÓN DA EXPRESIÓN ESCRITA

CRITERIOS DE VALORACIÓN (1 a 10 PUNTOS)		ESCALA DE BAREMACIÓN					
1 (30%)	<b>CONTIDOS / ESTRUTURACIÓN</b> (1 a 3 puntos)	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolve as ideas con claridade.</li> <li>• Boa capacidade de síntese.</li> <li>• Boa ordenación lóxica.</li> <li>• Madurez expositiva.</li> <li>• Argumenta opinións.</li> </ul>	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolve algunhas ideas con claridade.</li> <li>• Apenas sabe sintetizar.</li> <li>• Boa ordenación lóxica aínda que sen madurez expositiva.</li> <li>• Apenas ofrece argumentos opinións.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non se expresa con claridade</li> <li>• Falta de coherencia y de lóxica.</li> <li>• Argumentos pouco consistentes.</li> </ul>
2 (20%)	<b>NIVEL MORFOSINTÁCTICO</b> (1 a 2 puntos)	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Moi bo emprego da subordinación.</li> <li>• Variedade de conectores.</li> <li>• Respecto norma gramatical.</li> <li>• Concordancias.</li> </ul>	1,5	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso adecuado das estruturas sintácticas pero apenas emprego de subordinación.</li> <li>• Algúns erros gramaticais ou de concordancia.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Predominio de oración simple e xustaposta.</li> <li>• Usa muletas.</li> <li>• Repite nexos.</li> <li>• Transgresión de normas.</li> <li>• No concordancia.</li> </ul>
3 (20%)	<b>NIVEL LÉXICO- SEMÁNTICO</b> (0,5 a 2 puntos)	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxico preciso.</li> <li>• Riqueza de léxico.</li> <li>• Orixinalidade en la expresión.</li> <li>• Recursos literarios.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Linguaxe apropiada para o nivel e a tarefa, pero pobre e sen usar recursos literarios.</li> </ul>	0,5	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Linguaxe limitado para o nivel e o desenvolvemento da tarefa; repite estruturas e vocabulario.</li> <li>• Léxico pobre e pouco preciso.</li> </ul>
4 (10%)	<b>PRESENTACIÓN</b> (0 a 1 punto)	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Limpeza.</li> <li>• Chamadas de atención.</li> <li>• Presentación orixinal.</li> <li>• Caligrafía clara.</li> <li>• Marxes correctos.</li> <li>• Separación entre parágrafo sangrías.</li> </ul>	0,5	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Boa caligrafía.</li> <li>• Boa presentación.</li> <li>• Non respecta marxes.</li> <li>• Non separa parágrafos.</li> </ul>	0	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Letra ilexible.</li> <li>• Mala presentación.</li> <li>• Non respecta marxes nin separación entre parágrafos.</li> </ul>
5 (20%)	<b>ORTOGRAFÍA</b> (0 a 2 puntos)	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Corrección no uso de puntuación.</li> <li>• Acentuación correcta.</li> <li>• Poucos/ moi poucos erros ortográficos.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Algúns erros de signos de puntuación.</li> <li>• Algúns erros de acentuación.</li> <li>• Algúns erros ortográficos.</li> </ul>	0	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mal uso signos de puntuación.</li> <li>• Moitos erros de acentuación.</li> <li>• Moitos erros ortográficos.</li> </ul>





## VALORACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL

CRITERIOS DE VALORACIÓN		ESCALA DE BAREMACIÓN					
1 (30%)	<b>CONTIDOS / ESTRUTURACIÓN</b> (1 a 3 puntos)	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Se expresa con poucas vacilacións, dunha maneira coherente e apropiada á situación comunicativa.</li> <li>Se expresa con claridade</li> </ul>	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exprésase con algunhas vacilacións, con bastante claridade, pero cun discurso ás veces inconexo, o que dificulta a comunicación.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dubida case sempre.</li> <li>A miúdo permanece calado a causa lagoas lingüísticas.</li> </ul>
2 (30%)	<b>NIVEL MORFOSINTÁCTICO</b> (1 a 2 puntos)	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>As estruturas morfosintácticas son adecuadas para permitir a comprensión</li> <li>Son variadas e adecuadas ao nivel e non hai apenas erros significativos de gramática ou sintaxe.</li> <li>Bo nivel de vocabulario</li> </ul>	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utiliza de modo limitado as estruturas da lingua, con certos erros significativos de gramática ou sintaxe.</li> <li>Nivel común de vocabulario.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>Moi difícil de comprender, con frecuentes malentendidos.</li> <li>Uso moi limitado das estruturas da lingua.</li> <li>Erros frecuentes e graves.</li> <li>Vocabulario pobre e inadecuado.</li> </ul>
3 (20%)	<b>NIVEL LÉXICO-SEMÁNTICO</b> (1 a 2 puntos)	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Interacción adecuada co interlocutor e utiliza as estratexias oportunas.</li> <li>Bo nivel cinésico y proxémico.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aínda que interacciona adecuadamente co interlocutor, non sabe empregar as estratexias adecuadas.</li> <li>Expresión corporal e proxémica insegura.</li> </ul>	0,5	<ul style="list-style-type: none"> <li>Amósase moi nervioso e inseguro.</li> <li>Non sabe conectar ben co auditorio.</li> </ul>
4 (20%)	<b>PRESENTACIÓN</b> (0 a 1 punto)	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Voz alta, clara e comprensible.</li> <li>Volume adecuado.</li> <li>Vocalización e entoación apropiada</li> <li>Ritmo conveniente.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>Voz comprensible</li> <li>Volume adecuado</li> <li>Vocalización e ritmo inadecuados</li> </ul>	0,5	<ul style="list-style-type: none"> <li>Voz e volume pouco comprensibles</li> <li>Volume adecuado</li> <li>Vocalización e ritmo inadecuados</li> </ul>



## VALORACIÓN DA COMPRESIÓN ORAL (AUDICIÓNS)

<b>COMPRESIÓN DO SIGNIFICADO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Identifica as palabras clave.</li><li>• Recoñece a idea principal.</li><li>• Identifica a finalidade comunicativa.</li><li>• Sabe extraer as ideas secundarias.</li><li>• Sabe resumir en poucas palabras.</li></ul>	<b>MAL:</b> 0-2 PUNTOS <b>FROUXO:</b> 3-4 PUNTOS <b>ACEPTABLE:</b> 5-6 PUNTOS <b>BEN:</b> 7-8 PUNTOS <b>MOI BEN:</b> 9-10 PUNTOS
<b>VALORACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Distingue as intencións implícitas.</li><li>• Recoñece elementos estruturais.</li><li>• Interpreta o significado xeral do texto.</li><li>• Relaciona o contido con outras producións textuais ou artísticas.</li></ul>	
<b>RECOÑECE TRAZOS FORMAIS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Recoñece trazos/técnicas lingua oral</li><li>• Recoñece a tipoloxía textual</li></ul>	



### VALORACIÓN DA EXPRESIÓN ESCRITA (FICHAS DE COMPRENSIÓN LECTORA)

CRITERIOS DE VALORACIÓN		ESCALA DE BAREMACIÓN				
<b>MAL:</b> 0-2 <b>FROUXO:</b> 3-4 <b>ACEPTABLE:</b> 5-6 <b>BEN:</b> 7-8 <b>MOI BEN:</b> 9-10	<b>COMPRENSIÓN DO TEXTO</b>	Recoñece a idea principal				
		Identifica a finalidade comunicativa do texto				
		Sabe extraer as ideas secundarias				
		Distingue as intencións implícitas				
	<b>VALORACIÓN / INTERPRETACIÓN</b>	Sabe valorar o significado do texto				
		Interpretao con sentido crítico				
		Achega argumentos razoables				
	<b>HABLIDADES INTELLECTUAIS</b>	Localiza as palabras clave				
		Sabe poñer título propio				
		Domina a técnica do esquema				
		Emprega marcadores de parágrafos				
		Bo tratamento da información (non copia)				
		Sabe resumir				
		Resalta: tamaño da letra, cromatismo...				
	<b>TIPOLOXÍAS TEXTUAIS</b>	Coñece os xéneros e subxéneros literarios				
		Recoñece a estrutura do texto				
Coñece os recursos/técnicas propios						
Coñece as tipoloxías textuais.						



**ESCALA DE AVALIACIÓN NA EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS PROPOSTOS**

BAREMO					GRUPOS							
Mal 0-2	Frouxo 3-4	Aceptable 5-6	Ben 7-8	Moi ben 9-10								1º
<b>CRITERIOS DE VALORACIÓN</b>												
<b>Aspecto externo:</b>												
Postura natural e relaxada												
Xestos naturais e moderados												
Dan sensación de tranquilidade e naturalidade												
Dirixen a súa mirada a varios puntos												
<b>Voz:</b>												
Expresión: vocalización, sen muletas...												
Ton de voz variado, nin alto nin baixo.												
Ritmo axeitado, nin moi rápido nin lento.												
Respectan as pausas necesarias.												
<b>Despertan interese e atención do público</b>												
Fan preguntas												
Provocan suspense												
Personalizan sobre el público el tema												
Utilizan medios auxiliares												
Insisten nas ideas principais												
<b>Exposición</b>												
Concretan o obxectivo da exposición												
Ideas desenvolvidas con claridade												
Coñecemento ou estudo do tema tratado												
Independencia con respecto as súas notas												
Conclusión: fixan brevemente o fundamental.												
Calidade												
Fontes: copian, traballan, adaptan...												
Orixinalidade												
<b>TOTAL</b>												



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



## **7 ENQUISA ANÁLISE CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO**